

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 03/17

Data 28-03-2017

Acta anterior 23-02-2017

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D^a María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

D^a. Marta García Sánchez

D. Álvaro Xesús García Freire

Concelleiros non asisten:

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 03/2017

Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e oito de marzo de dous mil dezasete.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e un minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Inicialmente non hai cidadáns presentes en calidade de público, entrando dous transcorridos 2'55" da sesión.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente (por erro di que son as nove horas), indica que a sesión vai ser gravada. Por tanto a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación, e tras unha breve intervención do alcalde sobre a forma en que debe de realizarse o debate nos plenos (art. 94 do ROF), pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Adxudicación definitiva do contrato “ampliación da rede de abastecemento de augas a San Vincenzo”. (01' 55”)

A continuación dáse conta do expediente de contratación da obra “Ampliación da rede de abastecemento de auga a San Vincenzo” e máis en concreto da acta da mesa de contratación de data 13 de marzo de 2017, que se achega, e máis a acreditación por parte do licitador seleccionado da presentación da documentación que se esixe no artigo 151 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSF).

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, expón brevemente os antecedentes desta contratación, que se realiza por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación sendo o órgano de contratación o pleno por mor da súa contía. Indica a seguir que se presentaron 25 empresas e que hai unha baixa moi forte sobre o orzamento de licitación (perto de 200.000,00 euros) e que houbo cinco empresas, entre elas a que obtivera a maior puntuación (Espina e Delfin) incursas en posíbel baixa temeraria.

A continuación (04' 41”) toma a palabra como portavoz do BNG, o concelleiro Álvaro García Freire quen se queixa de que parte da documentación remitida estaba ilexíbel, solicitando que se teña máis coidado. A continuación indica que, na súa opinión, tardouse moito en adxudicar a obra dende o inicio da contratación.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación pregunta se se obtiveron os permisos de Patrimonio, que considera vai ser necesario pola proximidade de igrexas.

Contesta o alcalde (08' 08") con respecto ao tempo de duración do proceso indica que houbo que seguir os trámite e prazos que marca a lexislación estatal e os pregos da deputación. Engade que este proxecto é unha obra completa.

A continuación (08' 45") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete a Adxudicación definitiva do contrato "ampliación da rede de abastecemento de augas a San Vicenzo" a votación, resultando adoptados por unanimidade dos asistentes, os seguintes acordos:

- Adxudicar o contrato en base a proposta realizada pola mesa de contratación en base ao informe do Organismo técnico especializado de data 09-02-2017, da obra "Ampliación da rede de abastecemento de auga a San Vicenzo" á empresa Construcciones Ramón Vázquez y Reino SL, polo prezo alzado de euros 269.600,00 euros IVE excluído, máis o 21 % de IVE, (56.616,00 €), facendo un total euros (326.216,00) IVE incluído, nun prazo de execución de 60 días naturais.

-Resultou excluída na apertura dos sobres A a empresa EXOGA SA, por Presentar unha porcentaxe de subcontratación superior ao que figura no prego de condicións o que representa un defecto non subsanábel a xuízo da mesa de contratación

-Resultou excluída antes da apertura dos sobres C a empresa Cerne SL por non ter superado a puntuación mínima exixida na documentación correspondente ao sobre B.

- Resultaron excluídas por ter incorrido en baixa temeraria e non ter xustificado adecuadamente a mesma, segundo o informe do Organismo técnico especializado de data 07-03-2017, que se achega á presente certificación, as seguintes empresas:

- Espina y Delfín, SL,
- Construcciones Rocha Corral SL,
- Espina Obras Hidráulicas, SL,
- Construcciones González y González, SL
- Construcciones Leonardo Miguélez SL.

- A formalización do contrato, conforme ao artigo 156.3 do TRLCSP, deberá de efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4

-Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo correspondente, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da mesma, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

No entanto, o interesado poderá optar por interpor recurso de reposición contra esta mesma resolución, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación. Nese caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado, en tanto non recaia

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de conformidade co establecido nos arts. 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

2.- Adxudicación do contrato “Xestión centro de agricultura ecolóxica”

(09' 18")

A continuación dáse conta do expediente de contratación da obra “Xestión centro de agricultura ecolóxica” e máis en concreto da acta da mesa de contratación de data 7 de marzo de 2017, que se achega, e máis a acreditación por parte do licitador seleccionado da presentación da documentación que se esixe no artigo 151 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), cun defecto na mesma, no aval presentado, que non foi aceptado polo secretario do concello.

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, expón brevemente os antecedentes desta contratación, informando que na súa tramitación contouse coa colaboración da Universidade de Vigo, baixo a dirección de Xavier Simón, tanto para o estudo de viabilidade como para elaboración dos pregos técnicos e administrativos e a documentación e requisitos que deberían cumprir os licitadores.

A documentación foi estudada por un comité de valoración, formado por expertos, que cita, que realizou un informe global en base aos individuais, que tamén se achegaron a este concello. A valoración final obtida ao único licitador (Asociación Raíña Paraíso) foi de 42,25 puntos sobre 100, previo a puntuación da oferta do canon, que obtivo outros 10 puntos pola mesa de contratación (ao ofertar o 100% dos beneficios que superen as porcentaxes marcadas en cada un dos tres tramos a que se refiren os pregos de condicións administrativas) sumando en total 52,25 puntos, sobre 100 posíbeis.

Finalmente considera que as posibilidades que ten o pleno serían as de adxudicar o contrato ou decláralo deserto (cláusula 24.2 do prego administrativo).

Transcorridos (14' 53") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane, como portavoz do BNG, quen indica que na documentación remitida non estaba o proxecto, interrompendo o alcalde para indicar que o proxecto estaba na documentación existente en secretaría e que non imos remitir a cada concelleiro un proxecto enteiro coa convocatoria, continuando José A. Cotos que na documentación non consta, así como tampouco a valoración e demais documentación que custou cartos e que finalmente non sabemos a cantidade que vai pagar a empresa en concepto de canon.

Contesta o alcalde (16' 35") que o proxectos estaba na oficina de secretaría, que é onde tiña que estar, e que si figura o importe, que hai un canon fixo, que xa se coñece e é invariábel, e que fixeron a proposta da que xa falou e que se valora no máximo. Engade que para o cumprimento das condicións crearase unha comisión, segundo se recolle nos pregos.

Con respecto ao custe dos traballos entende que custaron o xusto para a calidade do traballo feito pola Universidade de Vigo e que o contrato si vai ter rendibilidade positiva, pois hai un canon, un

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

seguro e fanse cargo dos gastos.

Transcorridos (19' 02") toma a palabra Álvaro García Freire (BNG,) quen considera positivo adxudicar o contrato aínda que non sexa máis que para quitarnos “un morto de enriba”, é dicir evitar os gastos que está xerando, criticando que se fixera informe tras informe para acabar adxudicando por tres mil euros.

Contesta o alcalde (20' 17") que, en canto á Universidade de Vigo, non realizaron un informe, senón un estudo de viabilidade e unha proposta de pregos. En canto ao Comité e expertos, nós, coma equipa de goberno queremos precisar que o seu traballo foi rigoroso, a empresa que se presentou obtivo unha puntuación de aprobado, aínda que en ningún momento se fala de un mínimo de puntos para poder ser adxudicataria.

Continúa criticando que nas intervencións da oposición só se ten en conta o tema económico.

Remata indicando que os pregos permiten que quede deserto, pero o seu grupo entende que non debe de quedar deserto, pois a empresa é críbel, que cumpren as condicións fixadas polos pregos e considera que non é “quitar un morto de enriba” senón que a adxudicación é positiva, pois se trata dun proxecto integrador, en materia de gandeiría e agricultura ecolóxica, crear postos de traballo, integración social, favorecer o comercio de proximidade, etc.

Transcorridos (27' 24") contesta Álvaro García Freire, (BNG,) indicando que eles non cuestionan o traballo do comité de expertos senón o feito de que o Cefae está neste momento dando perdas, que non están cuestionando o futuro do Cefae con esta adxudicación, que non poñemos en cuestión, senón o pasado, orixinándose unha breve discusión entre o alcalde e Álvaro García Freire sobre, en resume, se a adxudicación chega cinco anos tarde ou máis de cinco anos tarde.

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández propón a Adxudicación do contrato “Xestión centro de agricultura ecolóxica”, sendo interrompido polo secretario para aclarar que a documentación presentada pola empresa non está completa, pois o aval non reúne as condicións necesarias, polo que non se pode proceder a unha adxudicación definitiva.

O alcalde propón que se vote a adxudicación provisional e que se delegue no titular da alcaldía a adxudicación definitiva previa comprobación de que a documentación, aval incluído, está completa. O secretario entende que a adxudicación definitiva neste caso concreto é delegábel, ao rexerse polo regulamento de bens por tratarse dunha concesión demanial.

A continuación (32' 30") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete a Adxudicación do contrato “Xestión centro de agricultura ecolóxica” a votación resultando adoptados por unanimidade dos asistentes, os seguintes acordos:

- Adxudicar provisionalmente o contrato en base a proposta realizada pola mesa de contratación en base ao informe do Comité de expertos de data 07-03-2017, da “Xestión centro de agricultura ecolóxica” á Asociación Raíña Paraíso, polo canon fixo de 3.000,00 euros anuais e variábel de 100% dos beneficios que superen as porcentaxes marcadas en cada un dos tres tramos a que se refiren os pregos de condicións administrativas e por un prazo de cinco anos.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

-Delegar expresamente na alcaldía a adxudicación definitiva deste contrato unha vez que o adxudicatario corrixa os defectos observados na documentación presentada (aval bancario), advertindo ao adxudicatario de que presente a xustificación de ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, que se esixe nos pregos administrativos, antes da formalización.

3.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2017 (32' 29").

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2017, ao cal se unen informes de secretaría e intervención, que inclúe a relación dos pagos realizados sen consignación orzamentaria e que está relacionado co expediente de transferencia de créditos do exercicio de 2016 aprobado polo pleno deste concello e publicado xa no exercicio de 2017.

Transcorridos (34' 16") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane (BNG) quen indica que os expedientes extraxudiciais de crédito deben utilizarse só en situacións excepcionais e este é xa o segundo e que este expediente xa viñera a pleno e non corresponden as cantidades, contestando, a petición do alcalde, o secretario-interventor que no primeiro pleno (aprobación da transferencia de crédito que non chegou a ter eficacia) pretendíase habilitar crédito suficiente para pagar facturas de nóminas e outras dependentes de subvencións, sen que á hora de pagar se esgotara a partida, loxicamente, por iso a cantidade dos dous expedientes non coincide exactamente (63.200,00 euros contra os actuais 57.140,39 euros).

A continuación (39' 16") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2017, o cal resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

.E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e trinta e nove minutos (duración de 39' 35"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.